



Ref. ACTAS

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

(Atribución de delegacións xenéricas a favor das Concelleiras e Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local)

As/os Concelleiras/os delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar por Decreto de delegacións xenéricas de unha ou varias Áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleira/o para a dirección e xestión dos servizos correspondentes. As delegacións xenéricas se refiren a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poden abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a da súa xestión en xeral.

Vistos os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime Local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 35 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos:

DECRETA:

Primeiro: Sen prexuízo da superior dirección política, de goberno e coordinación da Alcaldía. Os servizos corporativos do Concello de Vilagarcía de Arousa estruturanse nas seguintes Áreas e Servizos que estarán dirixidas, polos membros da Xunta de Goberno, que se indican:

1) Dona TANIA GARCÍA SANMARTÍN, Tenente de Alcalde e Área SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE, PERSOAS MAIORES, SANIDADE e EMERXENCIAS E SEGURIDADE CIDADÁ.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de:

1. Servizos Sociais.
2. Política de igualdade, violencia de xénero e temas vinculados ao colectivo LGTBIQ+
3. Persoas Maiores.
4. Supervisión do funcionamento da Escola Infantil de Vilagarcía e Arousa e coordinación coas Escolas Infantís de O Carril e Vilaxoán.
5. Coordinación dos servizos relacionados coa infancia: (Educación Social)
6. Axuda no fogar
7. Servizo Conciliatardes.
8. Axudas ao Estudo
9. Servizo do SPAD e unidade de día.
10. Coordinación e supervisión do Servizo de Policía Local, Protección Civil e Emerxencias, no ámbito da seguridade cidadá e das emerxencias..



11. Medidas de prevención de incendios e servizo de extinción de incendios e salvameno.

2) D/Dona LINO MOURIÑO SANTIAGO Tenente de Alcalde e Área de SERVICIOS E MEDIO RURAL:

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de:

1. Rede de sumidoiros.
2. Servizo Municipal de Obras.
3. Iluminación pública.
4. Vías públicas.
5. Xestión de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria e o control da calidade, así como o servizo de abastecemento de auga potable e depuración.
6. Mantemento dos espazos públicos rurais.
7. Cemiterios
8. Limpeza de instalacións municipais e outros.

3) D/Dona PAOLA MARÍA MOCHALES, Área de URBANISMO, MOBILIDADE E EDUCACIÓN:

Corresponderanlle as competencias municipais en materia dos seguintes servizos:

1. Dirección e Supervisión do funcionamento e das competencias da Xerencia Municipal de Urbanismo. (planeamento urbanístico, xestión urbanística, licenzas).
2. Dirección e Coordinación dos traballos de revisión do PXOM.
3. Preparación das propostas en materia urbanística.
4. Supervisión das obras adxudicadas polo Concello encomendadas a empresas contratistas externas.
5. Propostas relativas á contratación a empresas externas de proxectos técnicos e execución de obras.
6. Obras relacionadas con temas de movilidad, peonalización, transporte, accesibilidade.
7. Os asuntos relacionados cos temas educativos, que inclúe o mantemento e conservación dos centros públicos docentes (CEIPs).
8. Supervisión do funcionamento do Conservatorio e da Escola Municipal de Música.
9. Bibliotecas Municipais.
10. Tráfico e ordenación dos espazos públicos.

4) D/Dona CARLOS COIRA LOJO, Área DE DEPORTES:

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de:

1. Fomento, promoción, xestión e desenvolvemento da actividade física, práctica deportiva e instalacións deportivas e eventos deportivos.
2. A Presidencia da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.
3. Desempeñar a xefatura directa do persoal adscrito á Fundación, sen prexuízo da xefatura superior do persoal que corresponde á Alcaldía.
4. As competencias sectoriais en materias de deportes que veñen atribuídas ao Presidente da Fundación polos Estatutos do Organismo Autónomo.

5) D/Dona SONIA OUTÓN CASAL, Área de CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PERSOAL.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia dos seguintes servizos:



1. Establecer directrices, desenvolvemento e execución de políticas públicas en materia de Cultura.
2. Iniciativa, programación e xestión de actividades culturais e festas.
3. Normalización lingüística.
4. Coordinación e supervisión do servizo de cultura.
5. Intervencións culturais.
6. Proposta de uso das instalacións culturais a entidades e particulares.
7. Coordinación e supervisión do servizo de cultura e funcionamento de acordó coas normas específicas que regulan cada un dos equipamentos culturais do Auditorio, Sala de Exposicións Rivas Briones, Salón García, Praza da Peixería e Centros Culturais de titularidade municipal, promovendo a axuda a entidades e asociacións.
8. Os recursos humanos do Concello, o que conlevará as directrices en materia de persoal, participar en negociacións sindicais e temas en materia de réxime interior.
9. Concesión de vacacións e permisos aos empregados municipais.
10. Prevención de riscos laborais.
11. Actuar como interlocutor coas diferentes centrais sindicais con representación no Concello.
12. Promoción de actividades socioculturais.

6) D/Dona DIEGO GARCÍA SANTIAGO, Área de MEDIO AMBIENTE, PARQUES E XARDÍNS.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de:

1. Parques, Xardíns e Medio Ambiente.
2. Seguemento en materia de vertedoiros incontrolados.
3. Supervisión e control de sanidade ambiental (verquidos augas residuais, analíticas auga consumo, etc)
4. Control de calidade nos servizos de ciclo da auga.
5. Policía en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos e as cuestións relativas á canceira municipal.
6. O impulso de expedientes sancionadores aos propietarios de cans que non cumpran coas súas obrigas, especialmente no ámbito das vías públicas, tendo en conta o marco establecido pola Lei de Protección dos dereitos e o benestar dos animais.

7) D/Dona LUZ MARIA ABALO PÉREZ, Área de ECONOMÍA, FACENDA E CONSUMO:

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de:

1. Orzamento e gasto público, fixación e desenvolvemento das directrices.
2. Ingresos de dereito privado e de dereito público, propostas sobre ordenanzas fiscais, dirección e execución da xestión tributaria municipal.
3. Recadación en período voluntario e executivo, incluíndo a inspección tributaria.
4. Supervisión do Servizo de OMIC

Segundo: O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as



competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común. (Art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Terceiro: As/os concelleiras/os mencionadas/os neste Decreto non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle conferiu a Alcaldía.

Cuarto: As/os concelleiras/os con delegación da Alcaldía deberán informar previamente ó Alcalde da adopción de decisións de transcendencia.

Quinto: As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte das/os concelleiras/os, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestación rexeitando a delegación.

Sexto: Notifíquese a presente resolución, persoalmente, ás/os señoras/es concelleiras/os, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

Vilagarcía de Arousa, a 26 de xullo de 2023.

O Alcalde-Presidente,

Ante min A Secretaria,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada

